

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Marino Dónega do 04/07/1978

Colección:

Data: 04/07/1978

De:

Luís Seoane;

Para:

Marino Dónega;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

A nova Sargadelos; Día de Galicia; Política;

Mencionados:

Fernando Dónega; Domingo García-Sabell;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Marino Dónega do 04/07/1978

Buenos Aires, 4 de Xulio de 1978

Sr. D. Marino Dónega Rozas
A Coruña

Querido Dónega:

Recibín a tua carta fai días, uns dez días cecáis, e alegróume moito a noticia do voso viaxe a Caracas. Teño concencia da tua responsabilidade no cárrago que aceptache sabendo nos que ti eres o único que ten idea do que é Galicia e que tes unha vida consagrada a ela. Si eu pódote servir de algún xeito, fareino con moito gusto. Matino que mais necesario é, ao meu xuicio, programar a futura vida cultural atendendo, sobre todo, as pequenas vilas, na súa maioría centro de bisbarras. Do fomento cultural nelas depende o porvir de Galicia. Constitúen a influencia mais directa sobre os concellos e as parroquias. Dende elas pódese facer moito, ourentando as xentes sobre moitos problemas da vida diaria que constituíen o fundamento dunha vida cultural mais ampla. Téñense de facer equipos de divulgación compostos por técnicos mozos. Fai anos fixen un programa encol destas custións que rematou nun Sargadelos adicado ao turismo supostamente intelectual no mellor dos casos. Un amplo centro cultural en cada vila, e un modesto boletín mensual coa vida cultural galega que divulgue o que se fai mesmamente hoxe en Galicia, con destino as relacións públicas e cos outros países da penínsua, e co estranxeiro. Un boletín de 24 páxinas en formato pequeno, sin ilustracións e perfectamente diagramado, feito en galego, castelán e en algún outro idioma, francés e inglés, en edicións separadas. Podo ampliar o proieto estruturándoo.

Con respecto a Buenos Aires, Caracas é Centro América, Buenos Aires é Europa, e os socios cambeos que teríades son os de estación e hora. Nesta época do ano temos un clima invernal benigno, bastante parecido ó desa cidade, o da Coruña. Mais supoñemos que algo teredes visto por T.V. do mundial de fútbol os días pasados, desta cidade, e da Arxentina enteira, fai unhas semáns. O que pasou co pobo non é pra escribilo agora, nin narralo, tense que ter visto. Millóns de xentes nas rúas manifestándo seu xúbilo, de todas clases sociaes, sen agredir a ninguén, sin borrachos, sin asaltos a tendas, irmanados na sua ledicia. Un espectáculo que non tivo par en nengunha parte, que sepamos.

Lembrámonos moito das pequenas reunións da Coruña. Non sabemos aínda cando voltaremos. Teño moito que facer e aínda casi non fixen nada. Complicóuseme todo moito. Agardamos por Domingo que virá para o Dia de Galicia, e prometémonos acompañalo no tempo que o deixen libre.

Escribídenos. ¿Casaron Fernando e Milagro?. Tédenos ao tanto da boda. Gostaríame chegar a tempo pra che facer un retrato co peito condecorado de gobernante. Unha grande aperta para os dous, e Fernando e Milagro. Tamén para os amigos que pregunten por nos.

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.